



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL "SÁLVORA" PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DA ENTIDADE EN RELACIÓN AOS APOIOS NO EXERCICIO DA CAPACIDADE XURÍDICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual Sálvora o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Fundación Sálvora dende o 1 de xaneiro de 2024 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións da Fundación Sálvora no ano 2024 e que están relacionadas cos apoios no exercicio da capacidade xurídica das persoas con discapacidade intelectual que se atopan baixo a súa protección.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ó desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Sálvora debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia do exercicio da capacidade xurídica de persoas con discapacidade intelectual no ámbito da Comunidade Autónoma. A Fundación Sálvora é a única entidade de ámbito autonómico que dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. A súa singularidade dificulta a súa convocatoria pública e, polo tanto, pode ser subvencionadas a través dun procedemento de concesión directa.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade según o previsto no Decreto





42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade , as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e a exclusividade do programa, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

